


PREGUNTAS DE EXAMES SOBRE TECIDOS

1. Explica que é: - A suberina - As lenticelas - A lignina - Un meristemo
2. Explica que é: - As áreas cribosas - Un tecido - A sinapse - O sistema de Havers - Os tricomas
3. Di de que tecido forman parte: Os fibrocitos, os condrocitos, as células de Schwann, os glóbulos vermellos e as áreas cribosas, os adipocitos, os vasos liberianos e as células petrosas.
4. Explica as diferencias e as semellanzas que atopas entre:
 - Glándulas endocrinas e exocrinas
 - Xilema e floema
 - Colénquima e esclerénquima.
 - Cambium vascular e cambium suberoso
 - Fibra muscular lisa e estriada
 - Tecido óseo compacto e esponxoso
5. Explica que é un parénquima; cita tres tipos de parénquimas e di a súa función.
6. Debuxa unha neurona e indica as partes que diferenciamos nelas.
7. Cita e relaciona os principais tecidos vexetais coas súas funcións.
8. Observa a figura e contesta ás seguintes preguntas:

- a) ¿Qué estrutura representa?
- b) Pon nome ós diferentes elementos sinalados.



9. Elixe entre unha das opcións e contesta ás preguntas:


A. Sobre os tecidos animais:

 - a) Fai unha clasificación cos tipos de tecidos epiteliais.
 - b) Elixe un tecido conectivo e explica que criterios utilizarías para identificalo e que función desempeña.

B. Sobre os tecidos vexetais:


 - a) Fai unha clasificación cos tecidos vexetais.
 - b) Realiza un debuxo esquemático dunha imaxe microscópica dunha epiderme con estomas e describe os tipos celulares que aparecen e a súa funcións
10. Observa a figura e contesta ás seguintes preguntas:

- c) Qué estrutura representa?
- d) Pon nome ós diferentes elementos sinalados.





PREGUNTAS DE EXAMES SOBRE TECIDOS

11. Observa e comenta a figura.



12. Comenta as seguintes fotografias:



PREGUNTAS DE EXAMES SOBRE TECIDOS

13. Comenta as seguintes fotografias:

